

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

###### Aprobación das bases do Programa FOAI/2025

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico nos servizos municipais de igualdade de xénero no ano 2025, cuxo texto se transcribe:

#### **BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCE-LLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DE PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE DE XÉNERO E AXENTES DE IGUALDADE DE XÉNERO NO ANO 2025 (FOAI/2025)**

##### Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Servizos Sociais
Anualidade	2025
Denominación	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico de igualdade de xénero e axentes de igualdade de xénero no ano 2025
Entidades beneficiarias	Os concellos e entidades locais da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes
Programa	FOAI/2025
Aplicación orzamentaria	0611/23122/46201
Importe da convocatoria	450.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo 22.000 €
Importe solicitado	0 100 % do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	1
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

##### Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

##### 1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de setembro de 2024](#)).

##### 2.- BASES ESPECÍFICAS

###### Base 1. Réxime xurídico

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Real Decreto-lei 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia.
- Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato a e non discriminación
- Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual
- Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación da Coruña, que foi aprobado mediante acordo plenario número 13 do 27 de setembro do 2024, e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

## Base 2. Obxecto e finalidade

### 2.1. Obxecto

O obxecto do programa FOAI/2025 é a asistencia económica ás entidades locais de menos de 20.000 habitantes, contribuíndo ao financiamento de **técnicas/os de igualdade de xénero e axentes de igualdade de xénero** para a dinamización e o desenvolvemento de políticas de igualdade, e coordinación coa Deputación da Coruña no marco do I Plan de acción das políticas de Igualdade de xénero na provincia de A Coruña 2019-2026 (Medida O.E 2.1/2.1.2).

Neste programa subvencionaranse os postos de traballo que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal con relacións de emprego que se axusten á lexislación vixente.

#### Requisitos do persoal subvencionado:

**2.1.1. Relación xurídica.** O persoal cuxo financiamento constitúe o obxecto da subvención, deberá estar vinculado á entidade local mediante unha relación xurídica laboral ou funcional.

A participación neste programa non suporá relación contractual ningunha entre a Deputación e o persoal técnico contratado.

**2.1.2. Funcións do persoal.** As funcións do persoal financiado serán aquelas que determine a entidade local no marco das políticas de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero, e con carácter xeral, os traballos de:

- Detección de necesidades en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e prevención e intervención da violencia de diversidade sexual.
- Información, orientación e asesoramento en materia de igualdade.
- Programación, planificación, intervención e realización de proxectos de dinamización de políticas de igualdade no territorio.
- Execución do/s programa/s presentados pola entidade local e desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado.
- Coordinación de profesionais de diferentes áreas e departamentos relacionados coa igualdade de oportunidades.
- Seguimento e avaliación das diferentes intervencións.
- Asistencia técnica na aplicación da perspectiva de xénero de forma transversal.
- Elaboración e emisión de informes de impacto de xénero e documentar procesos.
- Colaboración e coordinación coa Deputación de A Coruña no desenvolvemento de políticas públicas de igualdade.
- Participación na formación continua programada desde a Deputación provincial da Coruña.

**2.1.3. Características e requisitos do persoal financiado.** As entidades locais poderán solicitar este programa caso de o seu persoal cumprir os seguintes requisitos:

- Estar prestando os seus servizos no concello ou estar prevista a súa contratación no período subvencionado.
- Ter a categoría profesional de técnica/o de igualdade de xénero ou axente de igualdade de xénero ou equivalente, grupo de clasificación A1/A2 ou equivalente no caso de persoal laboral.
- Ter Grao, Licenciatura ou Diplomatura.

- Ter formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero (mínimo 500 h). É imprescindible para que o persoal sexa especializado salvo no caso do Grao en Igualdade.

Esta formación deberá ser convocada, impartida ou homologada por: unha Administración Pública e organismos do sector público; o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); a Escola Galega de Administración Pública (EGAP); institucións de formación similares do Estado ou Comunidades Autónomas; organizacións sindicais ou outros axentes promotores dentro do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (Afedap), Universidades e Colexios Profesionais.

- Ser persoal propio do concello, non admitíndose a contratación dos servizos.
- Ter, como mínimo, media xornada de traballo no concello.
- Non percibir outra axuda da Deputación da Coruña para o seu financiamento

Ámbito temporal. As subvencións obxecto deste programa destinaranse a financiar o persoal dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

## 2.2 Finalidade

Dende a aprobación da Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e do Real Decreto- lei 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, os concellos recuperaron as competencias en materia de igualdade e asumen a súa responsabilidade como Administracións Públicas na procura da igualdade e na loita contra a violencia de xénero, e comezan a desenvolver políticas públicas propias neste sentido.

Consciente da complexidade, heteroxeneidade e precariedade estrutural que caracteriza a realidade sociolaboral dos servizos de igualdade de xénero e loita contra a violencia de xénero en Galicia, a Deputación da Coruña realizou nos últimos anos, unha diagnose coa detección das necesidades e a elaboración do I Plan de acción de políticas de igualdade na provincia de A Coruña 2019-2026.

Entre as necesidades detectadas atópase a de dotar de persoal técnico especializado que dinamice no territorio as políticas públicas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e traballe a prol da erradicación da violencia de xénero.

A Deputación da Coruña convocou por primeira vez para 2020 e con intención de continuidade, este programa de financiamento, para o desenvolvemento dos obxectivos xerais do I Plan de acción das políticas de Igualdade de xénero na provincia de A Coruña 2019-2026 ( Medida O.E 2.1/2.1.2) co obxecto de definir un marco que sirva para cumprir con tres obxectivos: dun lado, contribuír ao mantemento, creación de emprego e á mellora no recoñecemento do perfil profesional nos postos de traballo de técnico/a ou axente de igualdade xa existentes nos concellos; doutro, fomentar e orientar requisitos, coñecementos formativos, funcións e categorías profesionais para aqueles casos en que os concellos procedan nun futuro á creación de novos postos de traballo, a incorporar nas súas plantillas de persoal ou relación de postos de traballo, procurando a estabilidade laboral destes perfil profesionais, e por último fomentar a dinamización das políticas públicas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no territorio de xeito coordinado e en rede.

Con este fin a Deputación Provincial da Coruña, ten entre os seus obxectivos convocar anualmente esta liña de financiamento dirixida aos concellos de menos de 20.000 habitantes, tomando como referencia para o calculo da partida orzamentaria o persoal financiado e correctamente xustificado do ano inmediatamente anterior, a través das Bases reguladoras anuais do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento de técnicas/os de igualdade de xénero e axentes de igualdade de xénero.

### Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa os concellos e entidades locais da provincia de menos de 20.000 habitantes que cumpran os requisitos da convocatoria e os establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Cada entidade local poderá realizar unha única solicitude

### Base 4. Gastos subvencionables

#### 4.1. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade

## 4.2. Gastos excluídos

Nesta convocatoria non se admitirán contratos de servizos.

O persoal financiado con base a esta convocatoria centrarase no desenvolvemento de políticas públicas de Igualdade de Xénero e de prevención e intervención das violencias de xénero, polo que quedan excluídas das posibles liñas de traballo a desenvolver as actividades deportivas e de tempo libre, de promoción económica, de servizos sociais, de turismo e as vinculadas á información xuvenil e ás Oficinas municipais de información xuvenil, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria.

### Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións da Deputación da Coruña sempre que os obxectos subvencionados sexan distintos.

### Base 6. Forma e prazo da solicitude

#### 6.1. Forma

As entidades interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, teranse por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

Só poderá concederse unha subvención por entidade.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade.

No caso de presentación de varias solicitudes só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos da correspondente convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### 6.2. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio do extracto de cada convocatoria que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

### Base 7. Compromisos e obrigas

**7.1. Difusión do apoio da Deputación.** Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas pola área de Igualdade da entidade local ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberá incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña e o logotipo específico de Igualdade da Deputación de A Coruña en lugar que destaque adecuadamente. Farase constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática de redes sociais, páxina web ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas.

Para dar por satisfeito este compromiso a entidade deberá acreditar no momento da xustificación a inclusión do símbolo e logotipo da Deputación da Coruña a través das seguintes canles de difusión obrigatorias:

- No material gráfico, polo menos nun dos seguintes: Folletos/carteis de difusión ds actividade subvencionada ou información feita no local onde se desenvolveu
- Na páxina web ou redes sociais.

**7.2. Participar nas actividades formativas organizadas pola Deputación da Coruña no ámbito das políticas públicas de Igualdade.**

**7.3. Aboamento da nómina e a Seguridade Social.** A entidade local deberá aboar directamente as nóminas e a Seguridade Social do persoal.

**7.4. Custos da entidade.** A entidade local comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica o custo do persoal financiado.

**7.5. I Plan de acción das políticas de Igualdade de xénero na provincia da Coruña 2019-2026.** O concello ten a obriga da colaboración e coordinación técnica en rede de obxectivos xerais no marco do dito Plan.

**7.6. Plan de igualdade municipal.** Avaliar, elaborar, prorrogar ou renovar o Plan de Igualdade municipal.

**7.7. Información sobre o funcionamento dos servizos de igualdade.** As entidades locais adheridas a este programa estarán obrigadas a facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos de Igualdade que se lles demande nun prazo de 10 días.

#### **Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión**

##### **8.1. Determinación da achega**

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo con o artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei.

A tramitación realizarase conforme ao procedemento abreviado especificamente detallado no Artigo 22 da Lei antes citada.

A Deputación contribuirá cun importe igual por entidade local, en función da duración da xornada.

O importe máximo de 22.000,00 € corresponde a contratos de xornada completa e prestación dos servizos durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Para outro tipo de xornada e/ou unha prestación de servizos inferior ao ano aplicaranse as reducións proporcionais oportunas.

No caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente e tendo en conta que os importes sinalados teñen o carácter de achega máxima, poderase reducir o importe das subvencións na porcentaxe necesaria para axustar o importe concedido ao crédito dispoñible.

Non obstante o anterior, existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nestes casos, o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

##### **8.2 Procedemento de concesión e cambios na solicitude.**

A concesión das subvencións será aprobada por resolución do Presidente da Deputación, polo procedemento de concesión provisional/definitiva regulado nas bases xerais destas axudas.

Nesta convocatoria non se admitirán cambios de obxecto nen cambios nos conceptos de gasto.

#### **Base 9. Xustificación e pago**

##### **9.1 Prazo de xustificación**

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2026, ás 14:00 horas.

##### **9.2. Forma de pagamento**

As subvencións aboaranse do seguinte xeito:

a. O 50% da subvención en concepto de anticipo prepagable, logo da notificación da concesión e previa comprobación de que cumpre coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social, e coa Deputación Provincial da Coruña

b. O 50% restante logo da xustificación da completa execución do programa achegando a documentación recollida no ANEXO II.

Para determinar a achega xustificada terase en conta o disposto na base 9 das xerais e o seguinte:

- No caso en que se reduza durante o ano 2025 a xornada do persoal respecto da establecida na resolución de concesión e/ou non se mantivera a relación laboral durante o período subvencionado, reducirase a achega provincial, do seguinte xeito:
- Cando se reducira a xornada, a achega reducirase de xeito proporcional.

No caso de diminución no período subvencionado de contratación, para o cálculo do importe a pagar considerárase unha achega de 60,27 €/día para unha xornada completa, aplicándose as reducións oportunas no caso de xornadas de inferior dedicación. Cando a achega concedida fora axustada para adaptarse ao crédito dispoñible aplicarase ao prezo día a porcentaxe á que se refire a base 8.

Tamén se reducirá a achega provincial para evitar o exceso de financiamento.

### **9.3. Perda do dereito e reintegro**

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos contemplados nestas bases, ou cando se acrediten estas circunstancias ou se poña de manifesto o incumprimento das obrigas do beneficiario, a Deputación Provincial esixiralles ás entidades beneficiarias o reintegro das cantidades anticipadas correspondentes xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

No caso de que non efectuase o ingreso do importe que se ha reintegrar no prazo establecido para o efecto, autorízase expresamente a Deputación para que poida efectuar a compensación con calquera débito a favor do beneficiario da subvención, a través das entregas a conta da recadación (no caso de concellos usuarios do Servizo) ou de calquera outra subvención que se encontre no trámite de pagamento (para os non usuarios).

### **Base 10.- Incumprimentos e sancións**

Será de aplicación o disposto nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

## ANEXOS DOCUMENTACIÓN

### ANEXO I - Documentación da solicitude

#### Declaracións e compromisos:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás entidades solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas na Base 7.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade que represento implique o contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil).
- Declaro coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumple co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

- A entidade que represento comprométese a participar nas actividades formativas organizadas pola Deputación da Coruña no ámbito das políticas públicas de Igualdade.
- A entidade que represento comprométese a aboar directamente as nóminas e a Seguridade Social do persoal.
- A entidade que represento comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os gastos subvencionados.
- A entidade que represento comprométese a colaborar e coordinarse técnicamente en rede de obxectivos xerais no marco do I Plan de acción das políticas de Igualdade de xénero na provincia de A Coruña 2019-2026
- A entidade que represento comprométese a avaliar, elaborar, prorrogar ou renovar o Plan de Igualdade municipal.
- A entidade que represento comprométese a facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos de Igualdade que se lles demande nun prazo de 10 días.



- No caso de estar xa prestando os seus servizos, declaro de que o persoal para o que se solicita financiamento cumpre os requisitos recollidos nestas bases, e no caso de novas contratacións a entidade que represento comprométese a seleccionar o persoal de acordo cos ditos requisitos.
- No seu caso, a entidade que represento comprométese a contratar ao persoal nas datas indicadas.

**Documentación:**

- Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia.

Neste documento especificarase o alcance da dita delegación (presentación das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).

- Proxecto técnico anual indicando o programa previsto para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado.
- Informe da Secretaría da entidade sobre o posto de traballo, no que se indicará a súa adecuación á lexislación vixente.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Orzamento estimado dos gastos derivados de retribucións brutas e seguros sociais con cargo á entidade local do persoal para o que solicita a chegada e outros ingresos previstos para o seu financiamento.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación da solicitude de acordo con estas bases.



## ANEXO II - Documentación xustificación

### Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas na base 9 ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada.

### A xustificación insuficiente poderá dar lugar ao reintegro das cantidades anticipadas.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade a entidade que represento presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria, acepta a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- A entidade que represento utilizou a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, e, no seu caso, elaborou materiais que fomentan a igualdade, tratou as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- A entidade que represento utilizou a lingua galega na comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dou lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación da Coruña.

### Documentación:

- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Memoria xustificativa.

A memoria terá que estar feita polo persoal técnico e nela constará a súa identificación completa (nome, apelidos, titulación e cargo) e estará asinada pola persoa que represente á entidade.

- Certificación dos gastos realizados durante o período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a "Relación de gastos" cos datos dos xustificantes de gasto.

Na relación de gastos indícarase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

- Certificación dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade..
- Proba documental dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, en lingua galega.

Deberá incluír os mínimos recollidos na base 7.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. **Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que** autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, **certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por** ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos.
- Certificación expedida pola persoa a cargo da secretaría na que dé conta da seguinte información:
  - Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado

- Tipo de vinculación laboral (funcionario/a, funcionario/a interino/a, persoal laboral fixo ou temporal)
- Data da toma de posesión ou da formalización de contrato e data de fin do contrato (no seu caso).
- Categoría profesional, titulación académica e formación específica en materia de igualdade (no seu caso).
- Tipo de xornada de prestación dos seus servizos (xornada completa, media xornada ou outra)
- Período no que estivo vinculado á entidade (todo o ano ou outro período).
- Adecuación á lexislación vixente.
- A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

A Coruña, 11 de outubro de 2024

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario accidental

Miguel Iglesias Martínez

2024/7189